

EXPT: 2267/2020 MODIFICACIÓN PUNTUAL DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE ANIMAIS DOMÉSTICOS E ANIMAIS SALVAXES EN CATIVIDADE.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

O *Regulamento municipal de animais domésticos e animais salvaxes en catividade* foi publicado no BOP de xeito definitivo o 21 de decembro de 2000; e posteriormente modificado de forma definitiva e con publicación no BOP o 12 de decembro do 2011.

Con anterioridade ao mes de novembro do 2017, foron entregadas dúas solicitudes, rexistradas cos sistemas ÁGORA e SIGEM, no Rexistro Xeral do Concello de Boiro nas que se solicitaba a creación dunha praia para cans. A primeira delas acompañaba numerosas firmas, ademais da propia solicitante.

O día 20 de xuño de 2019, foron entregadas na administración local de Boiro mediante Rexistro Xeral do Concello 495 sinaturas, aproximadamente, de diferentes cidadáns solicitando a creación dunha praia para mascotas.

Pódese constatar pois unha inxerencia veciñal en relación á creación dunha praia para mascotas.

A *Ordenanza municipal de convivencia e medio ambiente do Concello de Boiro*, no seu artigo 37, *da presenza de animais nas praias*, dispón que "*queda prohibida a presenza de animais nas praias conforme o que prevé a Ordenanza municipal de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade do concello de Boiro*". Esta disposición normativa municipal recoñece tamén dúas excepcións: a presenza de cans destinados a traballos de salvamento ou auxilio e cans de asistencia.

O *Regulamento municipal de animais domésticos e animais salvaxes en catividade*, do 21 de decembro do 2000, dispón no seu artigo 13, *presenza de animais nas praias e terreos accesorios*, que "*está prohibida a circulación e estadía de cans nas praias e nos espazos públicos de acceso a elas ou o servizo dos seus usuarios no período que vai do 1 de xullo ó 30 de setembro de cada ano*"; así coma que se exceptúa "*da prohibición (...) os cans de guías de invidentes e minusválidos*" .

En decembro do 2011, realizouse unha modificación do *Regulamento municipal de animais domésticos e animais salvaxes en catividade*, no artigo 13, *presenza de cans nas praias e terreos accesorios*, e o artigo 25, *clasificación das infraccións e sancións*. Así pois no artigo 13, onde se facía mención a "cans" pasaba a facer mención a "animais". Tanto no primeiro apartado do articulado coma no propio título do mesmo.

Polo anterior, pretendendo a modificación do apartado 1 e 2 do artigo 13 (*Presenza de animais nas praias e terreos accesorios*) de xeito que se permita a presenza de cans na Praia Piñeirón – Gavioteira (O Castro), con data 08/06/2020 dítase Providencia de alcaldía ordenando a emisión de informe de Secretaría.

Con data 08/06/2020 emítase informe de Secretaría relativo ao procedemento de modificación do regulamento.



Con data 16/06/2020 emítase o informe favorable polo Servizo de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente

Con data 09/07/2020 emítase informe favorable da técnico de medio ambiente do Concello.

Aos efectos do previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), hai que ter en conta que o vixente *Regulamento municipal de animais domésticos e animais salvaxes en catividade* foi aprobado no ano 2000, e modificado, en dous dos artigos, de forma definitiva en decembro do 2011, resultando polo tanto preciso, de acordo co exposto, a súa revisión e actualización, sendo, a modificación do Regulamento que agora se propón, reguladora de aspectos parciais desta materia previamente regulada.

Considerando que o Regulamento en cuestión non vai ter un impacto significativo na actividade económica nin impón obrigas relevantes aos destinatarios e destinatarias, tratándose, como se desprende do seu contido, dunha norma organizativa da Administración local.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPONSE** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do *Regulamento municipal de animais domésticos e animais salvaxes en catividade*, nos termos que se recolle a continuación:

1.- Modificar o apartado 1 e 2 do artigo 13 (*Presenza de animais nas praias e terreos accesorios*) **que di:**

"1. Está prohibida a circulación e estadía de animais nas praias e nos espazos públicos de acceso a elas ou o servizo dos usuarios no período que vai do 1 de xuño ó 30 de setembro de cada ano.

2. Exceptuase da prohibición anterior os cans de guías de invidentes e minusválidos"

Que quedará redactado do seguinte xeito:

Artigo 13 - Presenza de animais nas praias e terreos accesorios.

"1. Está prohibida a circulación e estadía de animais nas praias e nos espazos públicos de acceso a elas, ou o servizo dos usuarios no período que vai do 1 de xuño ó 30 de setembro de cada ano, a excepción da praia Piñeiron-Gavioteira (O Castro), na que se permite a circulación e estadía de cans.

Establécense as seguintes normas de convivencia:

- a) Prohíbese saír coas mascotas das zonas delimitadas.
- b) É obrigatorio recoller sempre os excrementos e outros residuos.
- c) Os cans potencialmente perigosos (segundo o disposto na Lei 50/1999 e no Real Decreto 287/2002) deberan estar suxeitos en todo momento con correa e utilizar boceira homologada.
- d) O posuidor será responsable dos danos que se puideran ocasionar, sen prexuízo da responsabilidade subsidiaria do propietario/a.



e) Os cans deben estar censados, con *microchip*, desparasitado e con todas as vacinas que lle correspondan.

f) O propietario/a deberá portar a documentación do cans en regra, en formato físico ou dixital.

2. Exceptúanse da prohibición anterior os cans de guías de persoas con discapacidade ou mobilidade reducida que requiran o servizo. Así coma os animais cos que se participe e actividades organizadas pola administración, ou nas que colabore directamente, e que contén con autorización previa da mesma.”

Segundo - Someter o expediente a información pública e audiencia dos interesados mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos e no portal web da Corporación durante 30 días. De non formularse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional._

Terceiro.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada lei.

